



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: RES. INICIO CONTRATACIÓN AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO VIARIO NOCEDA O-3/19

EXPEDIENTE: 2019/G003/000075

Vista a circular remitida pola Deputación provincial da Coruña sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) 2018, aprobado polo Pleno da Deputación provincial na sesión de 16 de maio de 2018, no que inclúe, entre outras, a obra denominada “AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO EN NOCEDA”, con código de obra 18.2200.0484.0, cun orzamento con IVE que ascende a trinta e tres mil cincocentos setenta e oito euros con noventa e dous céntimos de euro (33.578,92 €), financiado na cantidade de trinta e tres mil cento oitenta e cinco euros con cincuenta e oito céntimos de euro (33.185,58 €), con cargo ao referido Plan, dentro do “Préstamos 2018”.

Vista a circular de 15 de xuño de 2018 remitida pola Deputación provincial da Coruña pola que se comunica que mediante Resolución da Presidencia núm. 21270 do 14 de xuño de 2018 considerouse definitivamente aprobado o Plan.

Visto o proxecto redactado polo arquitecto municipal don Ignacio Soto González, de data decembro de 2017, denominado “AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO EN NOCEDA”, cuxo orzamento xeral ascende a trinta e tres mil cincocentos setenta e oito euros con noventa e dous céntimos (33.578,92 €).

Considerando que por acordo plenario de data 18 de decembro de 2017 se acordou aprobar o citado proxecto.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto de acordo co indicado no informe de necesidade da concelleira de urbanismo de data 10 de



xullo de 2018, e no que se indica que “o presente proxecto ten como obxecto definir as obras necesarias para a mellora da capa de rodamento das pistas de titularidade municipal sobre as que se obra, neste caso nos accesos a Noceda. (...) este departamento considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, para a mellora das infraestruturas viarias que contribúan a mellorar a calidade de vida dos habitantes dos mesmos”.

Vista a providencia da alcaldía de data 01 de febreiro de 2019 e considerando que foi incorporada ao expediente a acta de reformulo do proxecto de data 04 de febreiro de 2019 e que foi emitido informe técnico en data 04 de febreiro de 2019, así como o certificado de existencia de crédito de data 05 de febreiro de 2019.

Visto o artigo 116 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e considerando a competencia da Alcaldía para a adopción deste acordo,

RESOLVO:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato para a execución das obras previstas no proxecto denominado “AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN NOCEDA”, cuxo orzamento xeral ascende a trinta e tres mil cincocentos setenta e oito euros con noventa e dous céntimos de euro (33.578,92 €), por procedemento aberto simplificado, asignándolle o núm. de expediente O-3/2019.

Segundo.- Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e ca Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017:

- “Prego - tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais”.
- Informe de Secretaría.



- Informe de fiscalización de Intervención.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz